



Concello de Cangas

-BANDO-

-DÍA DAS LETRAS GALEGAS-

Cen anos despois da publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega conmemorou o 17 de maio como o Día das Letras galegas. Após 61 anos, a homenaxeada deste ano é Luísa Villalta.

Se xa daquela Rosalía cos seus *Cantares* establecía unha profunda relación entre as cantigas populares e a reivindicación da capacidade do noso idioma, vai ser Luísa Villalta a que tome a remuda e, na lingua en que garulan os paxaros, nos faga “pensar o mundo” na busca dunha sociedade máis igualitaria e defender a lingua galega como alicerce da nosa identidade.

O Concello de Cangas quere unirse a esta celebración das Letras galegas, quere festexar a literatura galega como a mostra máis palpable de riqueza e das posibilidades expresivas da nosa lingua.

Neste día 17 de maio de 2024, o Concello de Cangas reitera o firme compromiso coa nosa cultura galega e coa nosa lingua, e é consciente de que nesta tarefa colectiva de dignificación do idioma radica o futuro do noso pobo.

Celebremos o día das letras, o día das palabras galegas!
Mil primaveras máis para as letras galegas!

Cangas, 17 de maio de 2024

Araceli Gestido Rodríguez

Alcaldesa de Cangas

